

POSIBLES PROBLEMAS SOLUCIÓNS

Cheiros Remexer e engadir materiais secos

Demasiado seco Engadir auga ou restos húmidos

Aparecen mosquiñas Cubrir sempre os restos de comida e froita con herba, follas ou céspede

Presenza de roedores Colocar unha malla metálica debaixo do composteiro

Temperaturas moi baixas Engadir máis material ou facer a morea máis grande

TODO VAI BEN SE...

Aparecen miñocas, cochinillas, caracois... Eles son os encargados de converter os residuos en compost

O volume baixa moito Iso é bo sinal: a masa de residuos está a fermentar

O compost cheira a terra Xa está listo para usar na horta ou nas plantas



ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa dos Basquiños, 9
15704 Santiago de Compostela
Teléf./ Fax: 981 570 099
www.adega.info
www.educacionambientaladega.info

A compostaxe é un proceso natural no que interveñen numerosos organismos vivos que transforman os restos de comida, da horta ou do xardín nun produto chamado compost, un produto rico en substancias minerais e nutrientes, beneficioso para o crecemento vexetal.

Ao reciclar a materia orgánica, reducimos o volume de lixo, contribuíndo á minimización da contaminación e dos problemas asociados a xestión dos residuos (cambio climático, dioxinas, ruídos...) e pechamos o ciclo da materia orgánica.



Practica a Compostaxe

A COMPOSTAXE EN 6 PASOS

1 INSTALAREMOS O COMPOSTEIRO nun recuncho da horta ou xardín protexido dos ventos dominantes e, a poder ser, baixo a sombra dunha árbore de follas caduca, que o abeire do sol no verán e que permita o seu paso no inverno.

2 PARA COMEZAR colocaremos o composteiro directamente sobre a terra, no fondo poñeremos ramas, restos de poda, toxos picados ou piñas. Esta capa permitirá a drenaxe e a circulación do aire, e así evitaremos que os residuos se compacten no fondo.

3 MISTURAREMOS un caldeiro de material estruturante (follas, herba seca, restos de poda triturados, etc.) por cada caldeiro de restos húmidos (restos de comida, froita, céspede, etc.).

4 CUBRIREMOS OS RESTOS DE COMIDA da superficie con restos de herba, céspede ou follas, evitando así a aparición de mosquiñas.

5 AIREAREMOS E GARANTIREMOS HUMIDADE engadindo material estruturante e remexendo a capa superior. Se os restos contidos no composteiro estivesen moi secos, engadiremos auga. Se estivesen moi húmidos, engadiremos restos secos (follas, herba seca, restos de poda triturados...) e remexeremos.

6 E XA TEMOS O COMPOST! esperaremos 6-7 meses, sen deixar de botar residuos, e no fondo do composteiro xa poderemos atopar o compost feito. Abrimos a porta inferior, retirámolo e usámolo para abonar a horta, o xardín ou plantas de interior.

ELEMENTOS QUE SE PODEN COMPOSTAR

- Restos de comida (carne, peixe e sobras)
- Pousos do café
- Excrementos de animais: galiñas, coellos...
- Restos de podas de árbores e arbustos (mellor triturados)
- Flores, herba e restos de plantas
- Follas
- Restos de horta ou froita
- Algas
- Pelo (non tinxido)
- Cinza de madeiras naturais
- Cunchas (mellor trituradas)
- Restos de varrer

MATERIAIS QUE NON SE DEBEN ENGADIR

- Materiais que aínda que sexan orgánicos teñan substancias contaminantes (produtos químicos, vernices etc.)
- Excrementos de cans, gatos e persoas
- Residuos de plásticos, vidro, papel, aluminio etc.

